



# PLAN DIXITAL

CRA Mestre Manuel Garcés  
Aula de Barro

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

- CRA MESTRE MANUEL GARCÉS  
Lugar o Barro CP-36740

Páxina Web - <https://www.edu.xunta.gal/centros/cratominho/>

Colexio Rural Agrupado ubicado en Tomiño, e que consta na actualidade con 13 escolas (das cales forma parte a de Barro), que atenden a alumnado en escolarización mixta de entre 3 e 6 anos na etapa de educación infantil.

O centro consta de 23 mestres, e na actualidade con 2 coidadoras.

A escola ou aula de Barro, que é na que nos imos centrar neste Plan Dixital, no curso 2022-2023 ten un grupo de alumnado de 8 nenas e nenos comprendidos nas idades aludidas no anterior parágrafo.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CRA Mestre Manuel Garcés de Tomiño alberga a familias principalmente de Tomiño, aínda que nos últimos anos produciuse unha crecente demanda por parte de familias que chegan da periferia do Concello principalmente. O nivel socio económico en xeral é medio-baixo.

O presente Plan Dixital está encamiñado a conseguir que as TICs se atopen mais integradas no día a día do Centro, xa que polas nosas características e a nosa metodoloxía, estas atopáronse habitualmente nun segundo plano, e relegadas ao traballo do propio profesorado, sen chegar en moitas ocasións ao alumnado.

Conscientes da importancia que na etapa que nos atopamos pensamos que merece o tratamento correcto desta temática, e froito da necesidade dunha correcta educación neste ámbito, unido á liña innovadora que o centro mantén dende hai anos, consideramos que este plan pode axudar a afianzar e establecer puntos comúns para que o tratamento das TIC sexan unha realidade no noso centro.

Por medio deste Plan Dixital agardamos en primeiro lugar establecer espazos de reflexión nos que o profesorado poña en común e comparta diferentes puntos de vista, e de cara á PXA do vindeiro curso, valorar a posibilidade da implementación de momentos de emprego manipulativo das TIC por parte do alumnado, entendendo a necesidade dunha boa formación neste aspecto, e tendo en conta que son parte da sociedade da que formamos parte, e que polo tanto o noso centro non pode dar as costas e traballar alleo á realidade coa que convive.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### 1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do presente Plan Dixital seguíronse as indicacións achegadas por medio da Consellería, creando un equipo encargado de levalo a cabo, composto polo equipo directivo na súa totalidade, a mestra coordinadora do equipo TIC así como a mestra coordinadora do PFP, actuando o director do centro como coordinador do mesmo.

Para levalo a cabo seguíronse as pautas marcadas, levando a cabo actividades de recollida de información do centro durante o curso 2021-2022, así como formacións específicas e traballos conxuntos nos que expoñer a información obtida, cos que elaborar en último término o devandito plan.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CRA Mestre Manuel Garcés conta dende hai anos con equipos informáticos en todas as súas escolas, proxectores, PDIs, equipos de son, material en empréstimo de diferente índole (tablets, cámaras fotográficas, robótica...), pero a realidade é que o seu emprego é cada vez menor, priorizando outras dinámicas e materiais máis acordes coa metodoloxía empregada.

A conexión a internet sufriu unha lixeira mellora ao entrar o CRA dentro do programa "Escolas Conectadas", contando todas escolas con acceso tanto fixo como inalámbrico en todas as súas dependencias, pero pola contra, os equipos cada vez están máis obsoletos, e a falta de posibilidades para adquirir equipos novos, fan que o traballo neste sentido tamén se vexa resentido. Houbo que priorizar necesidades neste aspecto, polo que dos cerca de 20 equipos portátiles cos que contaba o centro hai cousa de 10 anos, contamos agora cun equipo por

escola (13), xa que os demais equipos non foron repostos pola Consellería “por falta de equipamento”.

Por outra banda, o equipo informático de emprego por parte do profesorado, na salda de mestres e departamentos tamén está obsoleto, polo que en moitas ocasións as mestras empregan o seu ordenador persoal para levar a cabo as diferentes tarefas.

Dito isto, destacar que principalmente nos últimos cursos, o centro levou a cabo un labor de actualización dixital cara ao exterior, modernizando a súa páxina web, primeira impresión de quen busca información do centro, así como por medio da creación de contas corporativas en diferentes redes sociais, coas que promocionar e dar a coñecer a realidade do que nel acontece.

Por outra banda, elimínase dentro do posible o emprego do papel para intercambio de información tanto entre profesorado coma coas familias, e dende a súa creación, o centro emprega a aplicación abalarmobil para levar a cabo a comunicación con elas.

Por último, o centro conta tamén cunha nube propia, dentro do programa “Escolas na nube”, co que se comparte documentación entre todo o profesorado, aínda que non é empregada para que o alumnado acceda a ela dende a casa.

Como se comentou anteriormente, o centro ten unha liña e evolución moi ligada á innovación, e participa en diferentes programas de mellora e éxito educativo, destacando neste sentido os Contratos Programa, pero tanto este como os demais programas non permiten a adquisición de material informático, e nin sequera inventariable, e polo tanto avanzar neste sentido tórnase case que imposible.

A continuación recollemos o listado de material co que conta o centro:

#### Infraestrutura:

Infraestrutura de voz (telefonía): Todas as escolas contan con teléfono móbil (13), e na sede hai un teléfono fixo na sala de mestres, e un fixo e outro sen fíos na sala de mestres.

Infraestrutura de datos: O centro conta con conectividade tanto fixa como wifi en todas as súas dependencias.

#### Equipamento:

##### Ordenadores:

O centro conta cun ordenador portátil en cada unha das súas escolas, así como dos seguintes equipos nestas dependencias:

Sala de mestres: 2 ordenadores fixos e 1 ordenador portátil. 1 ordenador adicado á biblioteca.

Departamento de orientación: 1 ordenador fixo.

**Dirección:** 2 ordenadores fixos e 1 ordenador portátil cun monitor.

**Outros:** No centro hai algún outro ordenador tanto portátil como fixo obsoletos, que dende a UAC non deron de baixa aínda, pero que xa non cumpren a función que deberían e están parados.

**PDI e proxector:** En todas as escolas hai unha PDI e un proxector, e na sede hai un proxector a maiores.

**Equipos de son:** En todas as escolas hai un equipo de música fixo, un altofalante portátil para empregar no patio ou saídas, conexión surround na sede do centro, e un equipo de música portátil de gran potencia cos seus correspondentes accesorios para as conmemoracións conxuntas.

**Copiadoras:** O centro conta cunha copiadora en B/N suministrada pola Consellería, así como dunha copiadora a cor cun contrato cunha empresa privada que se encarga á súa vez do seu mantemento.

**Tablets:** O centro conta con oito tablets para emprego en empréstito por parte do profesorado. Cinco delas están totalmente obsoletas e as tres mais novas tampouco conseguen traballar co software mais actual.

**Cámaras de fotos e vídeo:** O centro conta con numerosas cámaras de fotos e vídeo, pero obsoletas e polo tanto totalmente en desuso.

**Robótica:** O centro conta con 3 robots beebot e unhas gafas de realidade virtual para empréstito entre as diferentes escolas.

O mantemento de todo o material lévase a cabo principalmente pola UAC e polo persoal do Concello, así como polo equipo TIC do centro, en canto a pequenas instalacións, postas en marcha e pequenas configuracións.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### **Autoavaliación SELFIE:**

Seguindo as indicacións achegadas por parte da Consellería recollemos información do centro por medio do Selfie, aínda que os datos non puideron ser de gran utilidade, ao estar este aplicativo enfocado para as restantes etapas educativas, pero non para a Educación Infantil, que é a nosa.

Na elaboración do Selfie participou a meirande parte do profesorado definitivo do centro, e como punto a destacar, sinalar que a visión que do centro por parte do profesorado como do equipo directivo foi similar, polo cal comparten os mesmos puntos de vista ao respecto.

Desta análise evidenciamos algúns dos aspectos mencionados anteriormente: o profesorado considera que ten a posibilidade de empregar recursos tecnolóxicos para a súa labor docente, que teñen conexión estable a internet, empregan a rede para buscar recursos, comunícanse coas familias por medios tecnolóxicos... pero que o uso das TIC principalmente lévase a cabo sen implicar ao alumnado.

Areas	Grupos	Ensinanzas
		INFANTIL
A -Liderado	Equipo Direct.	2,4
	Profesorado	2,9
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,5
	Profesorado	3,1
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,1
	Profesorado	3,2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,3
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,5
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,3
	Profesorado	2,7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,5
	Profesorado	2,6
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	1,8
	Profesorado	2,6

### Test CDD:

En canto ao test CDD, sucedeunos algo similar ao informe SELFIE, xa que novamente non estaba adaptado á nosa etapa educativa, e polo tanto os resultados obtidos do mesmo non poden ser empregados para sacar conclusións fiables en canto á "Competencia Dixital do Profesorado", que era o que se buscaba, xa que en moitas ocasións o obter un resultado baixo non dependeu tanto da falta de competencia do mestre, como da "intención pedagóxica" no seu traballo, ou a idoneidade do emprego deste tipo de temática en alumnado de educación infantil.

A modo de resumo sinalar que a meirande parte do profesorado tiña unha competencia dixital acorde ás necesidades coas que se atopaba no centro, e que na maior parte dos casos, e como se comentou, o non empregala co alumnado debeuse máis á falta de confianza no seu uso e os seus beneficios, que a unha falta de capacidade/competencia para facelo.

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	16	17	94,1%
<b>PROVISIONAL</b>	3	3	100%
<b>INTERINO</b>	2	2	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	3	6	50%
<b>Outros</b>	1	1	100%

#### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
54,2	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	52,7	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	8%
A2	19	76%
B1	4	16%
TOTAL	25	100,00%

Para levar a cabo a análise DAFO final, empregouse asemade a información recollida durante os últimos anos por medio do equipo TIC de centro, así como a información que o equipo directivo tiña ao respecto, sendo coñecedores para poder desenvolver o seu proxecto de xeito eficiente, tanto da realidade do centro en canto a persoal como a infraestructuras, coma do resto da comunidade educativa e concello.

### 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Boa conectividade a internet, uso de dispositivos dixitais, asistencia técnica constante.	Falta de formación para optimizar os recursos, equipamento xusto, vello e sen expectativas de mellora. Non hai dotación específica para TIC.
	PERSOAL DOCENTE	Utilización das TIC para buscar recursos. Utilización das TIC para comunicarnos e para traballo conxunto/colaborativo. Persoal xove, inqueda e con ganas de facelo cada vez mellor.	Non prioriza esta temática no seu labor docente. Falta de formación e interese nesta temática concreta, priorizando outras. O noso PE non prioriza as TIC. FALTA DE TEMPO para abarcalo todo.
	ALUMNADO	Moi receptivo, todo o acollen con ilusión e todo lles motiva.	Non é a etapa ideal para o seu traballo. Dificultade para facer un uso adecuado e sacarlle todo o partido posible.
	FAMILIAS	Moita confianza no centro, gran implicación. Teñen dispositivos dixitais (principalmente móbil con acceso a internet). A comunicación a reciben vía electrónica, non se emprega o papel con este propósito.	Pouca importancia que lle dan a esta etapa. Falta de formación (tanto en canto a utilización como aos perigos/boas prácticas no seu uso).
	OFERTA	Variados repositorios no centro e material para poder empregar polo profesorado.	"Excesivo" material, pouco organizado, e deixado de lado e sen empregarse.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Predisposición a innovar e mellorar. RRSS en funcionamento, ben organizadas e con moi boa acollida. Emprego das TIC co alumnado NEAE.	Non se aposta nestes momentos polas TIC, así se reflicte no PE coma no día a día. A propia idiosincrasia do centro, con espazos



		separados que fan que haxa que multiplicar recursos e dificulta a comunicación/formación (13 escolas).
--	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Cantidade de programas ofertados. ESCOLAS NA NUBE, PLAMBE	Non se contempla a "figura" dos CRA. Non se contempla en moitas ocasións nin a propia etapa de infantil (no propio SELFIE por exemplo). Os programas ofertados polo tanto non nos teñen en conta, ou están pouco adaptados á nosa realidade. Estes programas non nos dotan de recursos nin dan a posibilidade de adquirir o material, polo tanto hai unha enorme dificultade para adquirir novo material inventariable TIC por medio dos distintos programas ofertados.
	LEXISLACIÓN	Aposta cada vez maior polas TIC e nos últimos anos tratadas como unha prioridade.	Non é a etapa propicia para tratalo, non contempla aos CRA nin a etapa infantil en moitas ocasións. Enorme carga burocrática, falta de tempo nos prazos para realizalo e de persoal con disposición exclusiva nesta temática.
	CONTORNA	Mellorar e optimizar a nosa posición e visibilidade por medio do uso das RRSS.	Falta de tempo para explorar as distintas posibilidades. Elevado prezo do equipamento.
	ANPA	Implicada e aberta a suxestións.	Falta de formación. Cambios constantes na súa composición, e polo tanto imposibilidade de "consolidación" que axude ao seu avance. Necesidade de acompañamento durante o proceso.
	OUTRAS ENTIDADES	Compartir bidireccionalmente traballo conxunto/colaborativo. Cesión de material por parte doutras entidades.	Seguimento do noso centro pero falta de colaboración.

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a elaboración do Plan de Acción TIC do centro establecéronse unhas prioridades tendo en conta o análise DAFO obtido, contextualizando a información recollida á realidade do centro e ás expectativas de futuro a curto e longo prazo.

Froito desta análise estableceuse como prioritaria a posta en común por parte de todo o profesorado da necesidade/viabilidade, de incorporación desta temática dentro do funcionamento habitual do centro. Para conseguilo establecéronse tanto reunións iniciais de posta en marcha do plan, como programadas ao longo do seu desenvolvemento.

En segundo lugar, estableceuse a necesidade de formación dos axentes implicados nesta temática, co fin de optimizala e sacarlle o máximo rendemento, así como de contextualizala á nosa metodoloxía e ao noso xeito de entender a educación e a infancia.

Para levalo a cabo, recolleuse un terceiro apartado referente ao estudo das necesidades reais tanto de infraestrutura como de material para facer fronte ao novo reto que se abordaría.

Por último, recolleuse a posibilidade, á espera do seu estudo de viabilidade organizativa, así como de consenso entre o profesorado unha vez levadas a cabo as xornadas de formación, de crear e desenvolver xornadas especializadas nesta temática co alumnado, por parte dalgunha mestra con formación específica.

O proxecto consistiría en crear unha aula Crea-TIC-va no centro, de xeito que se lle dera impulso a aula de "Crearte" que xa hai no centro, (proxecto de creatividade a nivel estatal polo que o centro foi premiado).

A creación desta aula (ou modificación/reinterpretación da existente), pretende, por un lado, **achegar a alfabetización dixital ao profesorado** do CRA Mestre Manuel Garcés, para que coñezan os medios que xa temos no centro, así como as posibilidades que ofrecen este recursos na aula, e acaben implantándoos nas súas aulas.

Por outra banda, ofrecer **a todo alumnado do noso centro** a posibilidade de acceder a prácticas e coñecementos científicos, creativos e tecnolóxicos así como espertar vocacións STEAM entre nenas e nenos a través de creación dun espazo no centro adicado en exclusiva a levar a cabo propostas didácticas baseadas nesta metodoloxía.

Para levalo a cabo, como se comentou, transformaremos unha aula do centro, nunha aula tecnolóxica-creativa. Neste espazo recolleremos o material tecnolóxico que ten o centro (robots, material maker, impresora, dispositivos móbiles, croma e equipamento audiovisual...) e convertiremos ese lugar nun laboratorio de aprendizaxes onde todo o alumnado poderá ir a realizar actividades de todo tipo STEM, de creación audiovisual e plástica.

Organizativamente, estudiaremos a posibilidade da creación dunha especialidade CreaTICva que funcione do mesmo xeito que fai calquera mestre especialista do centro, e pase por todas as escolas semanalmente, co fin de que as aprendizaxes non se limiten a momentos puntuais, senón que formen parte da xornada. Polas nosas características, ao ter as escolas separadas, a práctica na aula creada si se levara a cabo en momentos puntuais, organizando xornadas específicas para o seu traballo.

Este último obxectivo do plan de acción é unha posibilidade que será abordado nas sesións de reflexión conxuntas establecidas neste mesmo plan.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para a posta en marcha do presente plan, en primeiro lugar será necesario mellorar o equipamento do que xa dispón o centro, xa que como se comentou ao longo do documento, moito está obsoleto e tanto a xestión, como a práctica directa co alumnado non se fan operativos:

Ordenadores fixos: 2 para a sala de mestres, 1 para a xefatura de estudos.

Ordenadores portátiles: 3 para renovar nas escolas que máis o precisan.

Software: Na sala de mestres precisamos licenza windows para poder empregar as copiadoras, xa que linux non é compatible co control de copias por usuario.

PDI e proxectores: 11 proxectores e 10 PDI.

Equipos de son: 13, un para cada escola.

Por outra banda, e co fin de poder organizar a mellora na competencia tecnolóxica tanto de profesorado como do alumnado, e establecer obxectivos máis ambiciosos, sería preciso contar cando menos co seguinte material para poder comezar a traballar o proxecto da aula CreaTICva:

- Dous robots beebot ou similares
- Microscopio dixital
- Ordenador portátil
- Tableta actual
- Impresora portátil
- Cámara de fotos e de vídeo
- Escáner
- Cañón portátil
- Gafas de realidade virtual
- Pantalla chroma

Nun futuro, e cando o proxecto se poña en marcha, aspiramos a que que o centro contara con:

- Varias tabletas actuais, a poder ser Ipad.
- Un ordenador para emprego exclusivo da aula CreaTICva.
- 3 microscopios dixitais.
- Dispositivos para maky maky
- Micrófonos e sistema para radio.

"Área/s de mellora": B. COLABORACIÓN E INTERCONEXIÓN, D. DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTÍNUO.						
<b>OBJECTIVO (1):</b>	Crear espazos de reflexión para a competencia dixital				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo/coordinador TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBJECTIVO (2)</b>	Cantidade de reunións					
<b>Valor de partida (3)</b>	Ningunha					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Tres reunións			Terceiro trimestre		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Realizar unha reunión conxunta na que se poña en común o interés do profesorado nesta temática.	Equipo directivo/Coordinador TIC/Claustro	Setembro	Lugar de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaborar un cuestionario para detectar as necesidades do profesorado en canto á súa competencia dixital	Equipo directivo/Coordinador TIC / CCP	Setembro/outubro	Cuestionario dixital/móbil/pc		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Instaurar na organización de centro unha reunión trimestral.	Equipo directivo/Coordinador TIC / CCP	Xuño	Ningún		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>"Área/s de mellora": D. DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO</b>						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Planificar e realizar sesións de formación para fomentar a competencia dixital do profesorado				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo / Coordinador TIC / Coordinador PFPP				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Cantidade de formacións desenvoltas					
<b>Valor de partida (3)</b>	Ningunha					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Tres formacións			Terceiro trimestre		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO2.1: Analizar os datos das necesidades e intereses</b>	Equipo directivo/ Coordinador TIC / CCP	Outubro	Test CDD, enquisa complementaria.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Seleccionar e solicitar a formación específica</b>	Equipo directivo / Coordinador TIC/ Coordinador PFPP/ CFR	Novembro	Móbil/pc		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.3: Desenvolver as formacións</b>	Todo o claustro / CFR	2º trimestre/3º trimestre	Formadores + materiais necesarios para a formación		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.4: Valoración e propostas de mellora</b>	Todo o claustro	Ao rematar cada formación	Enquisa PC/móbil		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

"Área/s de mellora": C. INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Analizar, revisar e organizar os materiais para desenvolver a competencia dixital				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo / Coordinador TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Inventariado do material TIC					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 inventarios					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Un inventario			Terceiro trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Elaboración do inventario do material TIC de centro	Equipo TIC	Setembro	Inventario dixital, dispositivo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Análise e valoración do equipamento do centro en base as nosas necesidades	Equipo directivo/ Coordinador TIC	Novembro	Inventario dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Distribución do material para o seu emprego.	Equipo directivo/ Coordinador TIC	2º trimestre	Inventario dixital/material		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Dar de baixa o material obsoleto.	Equipo directivo/ Coordinador TIC	3º trimestre	Inventario dixital/material/ dispositivo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.5: Solicitar/dotar de novo equipamento	Equipo directivo/ Coordinador TIC	3º trimestre	Dispositivo electrónico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>"Área/s de mellora": F. PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA</b>						
<b>4. OBXECTIVO (1):</b>	Organizar e desenvolver a "hora TIC" no centro				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo/coordinador TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Desenvolvemento da hora TIC nas diferentes escolas					
<b>Valor de partida (3)</b>	Ningunha					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Unha hora ao mes en cada escola			Terceiro trimestre		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO4.1: Posta en común e información ao claustro</b>	Equipo directivo/ Coordinador tic	Setembro	Lugar de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO4.2: Organización dos horarios</b>	Equipo directivo/ CCP	Setembro	Dispositivo electrónico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO4.3: Selección e desenvolvemento de actividades</b>	Coordinador TIC	Terceiro trimestre	Material TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO4.4: Valoración das actividades desenvolvidas.</b>	Todo o claustro	3º trimestre	Lugar de reunión, enquisa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

#### 4. Avaliación do plan

Para poder avaliar o plan, será necesario medir o grao de consecución dos obxectivos marcados, e será necesario comprobar a efectividade das actuacións levadas a cabo.

Levarase a cabo a avaliación tendo en conta os seguintes instrumentos e ferramentas:

- Os indicadores de avaliación asociados a cada un dos obxectivos e accións.
- A avaliación da Competencia Dixital Docente.
- A avaliación da Competencia Dixital do alumnado.
- As xornadas de reflexión grupais marcadas dentro do propio plan, onde se levarán a cabo tanto sesións ao longo do proceso que nos axuden a encamiñar o traballo, como a última avaliación final ao final de curso.
- A ferramenta de avaliación a través de enquisa a docentes e familias que axudará a recoller información para a avaliación final.

O plan avaliarase en función dos resultados obtidos no marco dos obxectivos e prazos previstos con carácter procesual e final. O informe de progreso formará parte da Memoria anual do Centro.

#### 5. Difusión do plan

Para dar visibilidade ao plan este será presentado nunha sesión informativa tanto perante o Claustro de mestres coma no Consello Escolar, onde están representadas todas as partes da Comunidade Educativa.

Por outra banda estará a disposición de quen o queira consultar tanto fisicamente na sede administrativa do centro coma dixitalmente na páxina web, así como na nosa nube, cos restantes documentos do centro.